

## 8M, Mes a Mes – Abril 2025

Este mes de Abril, coincidindo ca celebración do primeiro ano deste programa, “8M, Mes a Mes”, queremos realizar un recoñecemento especial á importancia de reunión entre mulleres para compartir vivencias, afeccións, pasar o tempo, etc. Nesta ocasións as mulleres seleccionadas para este fin foron as “Supermulleres” .

As “Supermulleres” son un grupo de cinco integrantes que se reúnen no concello de Boborás. Está composto por Leontina Vázquez, M<sup>a</sup> Dolores González, Rosa M<sup>a</sup> Pérez, Concepción García e Rocío Sobrado. Catro delas da parroquia de Sta. María de Xuvencos e unha de San Xulián de Antreses.

Este colectivo xurde a raíz de coincidir nun curso ofertado polo Concello de Boborás, para as mulleres do rural, pero co tempo acabou en reunións habituais. Realizan diferentes manualidades (ganchillo, calceta, bonequiñas...), e todas elas son doadas a Aecc (Asociación Española Contra el Cáncer).

Ademáis da súa labor solidaria, elas mesmas comentan que “Usamos este espazo para socializar, intercambiar ideas, libros, risas e apoio moral”, creando dese xeito unha gran acción social na contorna.

Destacar que as agrupacións de mulleres, coma as “Supermulleres” de Boborás, son moito máis ca simples encontros; son fogares da alma onde o tempo se detén para dar paso á complicidade, ao apoio incondicional e á forza compartida. Nestes espazos, cada palabra, cada risa e cada man tendida entrelazan unha rede invisible pero poderosa que sostén a quen a precisa. Compartir vivencias, afeccións e momentos de vida converte estas reunións nun refuxio cálido onde o silencio nunca pesa e onde os soños, en lugar de esmorecer, multiplícanse. Son fíos invisibles que tecen lazos de sororidade, eses que fan que ningunha muller se sinta soa, que cada historia conte e que cada pequeno xesto de solidariedade transforme o mundo, un punto de ganchillo, unha aperta ou unha gargallada á vez.

Teléfono de Contacto: 687 55 08 71 (Rocío)

Correo Electrónico: [xuvencos@gmail.com](mailto:xuvencos@gmail.com) (Rocío)



#igualOUU